

### **O PSOE de Begonte considera que co PP o municipio retrocede “á época do caciquismo”, pois o concello destina os fondos públicos ao asfaltado de currais e camiños privados**

Serafín Otero fai esta valoración logo de que o rexedor, no Pleno que a Corporación celebrou o pasado venres, declinase dar unha resposta concreta ás preguntas formuladas sobre este asunto

Defende que se trata dunha decisión “inadmisíbel, inxustificábel e que supón un insulto a todos os veciños de Begonte”, pois a entidade local está a empregar “os cartos de todos en satisfacer fins particulares”

Denuncia que o rexedor favorece que na brigada de obras “sempre traballen os mesmos”, ao publicitar o proceso de selección só na web e no taboleiro de anuncios. A falla de información provoca que moitos interesados non se enteren da convocatoria

**BEGONTE, 14 DE XULLO DE 2014.-** Os socialistas de Begonte denuncian que co Partido Popular o municipio está retrocedendo “á época do caciquismo”. Proba delo, aseguran, é que o Goberno local acordou recentemente destinar unha partida económica ao asfaltado de currais e camiños privados; unha decisión que, dende o PSOE, consideran “inadmisíbel, inxustificábel e que supón un insulto a todos os veciños de Begonte”.

O voceiro do grupo municipal socialista –Serafín Otero- fai esta valoración logo de que o alcalde, no Pleno que a Corporación celebrou o pasado venres, declinase dar unha resposta concreta ás preguntas formuladas sobre este asunto. “Estamos diante dun claro caso de favoritismo político e dunha situación propia de hai 15 anos atrás, na que o clientelismo era unha costume”. Neste senso, Otero denuncia decididamente que o rexedor empregue “os cartos de todos en satisfacer fins particulares porque o que non queremos pensar é que se usen para pagar favores...”, apunta.

#### **Selección brigada de obras**

Asimesmo, o grupo municipal do PSOE tamén pediu ao equipo de goberno que explicase publicamente como foi o proceso de contratación do persoal que integra a brigada de obras, pois “dáse a casualidade de que sempre son os mesmos aos que o alcalde lles dá a oportunidade”.

Otero plantexou esta pregunta na sesión plenaria porque o concello non cumpriu os requisitos establecidos para facer pública a convocatoria de selección. “En Begonte hai máis de 200 parados e o lóxico é que se empregasen estas contratacións baixo criterios de igualdade. O alcalde dinos que se publicitou na páxina web e no taboleiro de anuncios. Cremos que así non se deben de facer as cousas, pois a este tipo de contratacións ten que ter acceso todo o mundo, non facelo para que só se enteren uns cantos, e, que casualidade, sempre son os mesmos”, destaca.